

- 84.**Melloraremos o nivel educativo dos nosos fillos e fillas** , reduciremos o fracaso escolar, potenciaremos a educación en igualdade e a corresponsabilidade entre nenos e nenas e estableceremos que castelán, galego, e inglés sexan linguas vehiculares nas aulas.
- 85.**Estableceremos unha educación verdadeiramente gratuíta para as familias:** sen taxas nin tarifas encubertas en colexios públicos e concertados. Os custos escolares deben ser transparentes.
- 86.**Garantiremos libros de texto gratis para as familias a través de un sistema público de libros compartidos.** Reduciremos drasticamente os cambios de plans de estudo que supoñen unha enorme fonte de confusión e gasto para as familias. Evitaremos que os libros cambien cada ano de forma inxustificada para que se poidan volver utilizar por outros alumnos, como sucede nos mellores países de Europa.
- 87.**Garantiremos o acceso universal á educación de 0 a 3 anos.** Para cubrir a demanda aumentaremos as prazas públicas e concertadas e axudaremos ás familias con menos recursos para garantir o seu acceso. A educación infantil é fundamental no posterior desenvolvemento vital e profesional do individuo e debe representar a igualdade de oportunidades entre tódolos cidadáns.
- 88.**Dotaremos as aulas de profesorado de apoio suficiente para mellorar as condicións de traballo daqueles alumnos con necesidades educativas especiais** escolarizados en réxime ordinario; así mesmo, estableceremos un plan específico para alumnos con altas capacidades intelectuais, con enriquecemento e flexibilizacións amplas do currículo en función das súas características.
- 89.**Apoiaremos a Formación Profesional Dual enfocada á realidade empresarial.** Cómpre unha FP moi áxil susceptible de adaptarse á demanda social na que prime a experiencia práctica e a versatilidade. Unha FP que en ocasións xurdirá da empresa e as innovacións tecnolóxicas. Potenciaranse os convenios con empresas, así como a participación de organizacións empresariais no deseño e desenvolvemento dos programas de FP para mellorar o sistema produtivo do país.
- 90.**Procederemos ó estudo e coordinación de ámbito nacional da oferta universitaria e a racionalización do Sistema Universitario** (centros, estudos e títulos); fomentaremos una maior especialización das universidades e a internacionalización do sistema universitario en tódolos aspectos. Así mesmo contribuiremos á fluidez nos intercambios con outros centros de investigación. Procederemos a una avaliación, absolutamente externa, da calidade da investigación das universidades. Melloraremos a selección dos profesores docentes e investigadores (PDI) por medio de dúas vías, ambas públicas, transparentes e completamente abertas a estranxeiros para os que se suxire unha cota mínima de, cando menos, un 1% do PDI permanente.

CULTURA

- 91.**Crearemos o Instituto Galego de Patrimonio Cultural.** Este Instituto será uha entidade científica dedicada ó patrimonio cultural, dependente da Xunta de Galicia e adscrito á

Conselleiría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración coas tres universidades galegas. O Instituto integrará tódalas disciplinas do acervo cultural: investigación e restauración do patrimonio histórico, documentación, conservación de bens culturais, , difusión e formación. Neste marco, tamén se deseñarán programas de Educación Patrimonial para escolares e para a mocidade.

92.Melloraremos os sistemas de distribución e promoción exterior da cultura galega, tanto no resto de España como internacionalmente.

93.Desenvolveremos un plan para potenciar e internacionalizar a Orquestra Sinfónica de Galicia e melloraremos os mecanismos de colaboración da Xunta, as deputacións e os municipios na área de exposición museística. Deseñaremos unha estratexia común que garanta programas de eventos accesibles en toda Galicia, especialmente nos terreos da arte contemporánea, as artes escénicas, a música e os espectáculos infantís. Apostaremos por unha maior cohesión e traballo conxunto entre o eixo do Museo de Arte Contemporánea de Vigo, o Museo de Arte Contemporánea da Coruña e o Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela.

94.Impulsaremos a promoción de anos temáticos relacionados coa cultura, por exemplo un ano da Lectura e a Literatura. Aumentaremos a dotación de fondos para bibliotecas públicas.